

A ENTREVISTA DE TRABAJO

É a proba máis utilizada nos procesos de selección e a que máis peso ten na decisión de contratación.

Trátase dun encontro cun representante da empresa no que se avalía a aptitude e idoneidade do candidato para desempeñar un posto de traballo. É un método que permite comparar as túas fortalezas e debilidades coas do resto de candidatos.

Durante o transcurso da entrevista non só se avalían as respostas que das, tamén se ten en conta a forma na que te comportas, as túas reaccións e a impresión que causas.

Hai moitos tipos, a variabilidade depende da persoa que entrevista (profesional de Recursos Humanos da empresa, persoal directivo, persoal de ETTS ou consultoras de Recursos Humanos...), do posto de traballo, ou do tipo de preguntas que se fan.

CONSELLOS PARA AFRONTAR A ENTREVISTA

ANTES DA ENTREVISTA

- Antes da entrevista é importante buscar información sobre a empresa. Tenta conseguir a maior información posible das empresas participantes no Foro que che interesen. Utiliza internet, artigos de prensa, coñecidos que che poidan aportar datos, asociacións empresariais, etc, para conseguir información.

Estes son algúns dos datos que che interesa coñecer:

- **Sector e actividade da empresa**
- **Número de traballadores e estrutura e departamentos que conforman a empresa**
- **Implantación (local, nacional, estranxeiro...)**
- **Produtos que fabrica, servizos que ofrece, marcas que ten rexistradas**
- **Proxectos que ten en marcha**
- **Volume de negocio**
- O seguinte paso é realizar unha análise da túa candidatura:
 - Estuda o teu currículo
 - Avalía as túas fortalezas e debilidades en relación ao posto ao que optas
 - Prepara argumentos convincentes para defender os puntos débiles e estratexias para salientar os aspectos positivo. Avalía as túas fortalezas e debilidades en relación ao posto ao que optas
 - Prepara argumentos convincentes para defender os puntos débiles e estratexias para salientar os aspectos positivos

DURANTE A ENTREVISTA

- A primeira impresión é moi importante, e se establece en grande medida en base á imaxe que deas:
 - Coida o teu aspecto
 - Compórtate de forma agradable e cordial á hora de saudar.
- Nunha entrevista ten moita importancia non só o qué dis senón como o dis (comunicación non verbal), polo que debes prestarlle atención aos teus xestos, mirada, postura corporal, etc.:
 - Mantén contacto ocular coa persoa que te entrevista
 - A expresión facial, é indicativa dos pensamentos e emocións (interese, timidez, inseguridade...) teno en conta e contarás cun aliado
 - Reflexa con xestos que estás atento e comprendes o que te din
 - Non xesticules demasiado, podería dar a impresión de nerviosismo e inseguridade
 - Séntate dunha forma natural pero gardando as normas de cortesía, non invadas a mesa ou espazo do entrevistador nin te acomodes coma se estiveras en casa.
- Tamén debes ter en conta unha serie de aspectos sobre como responder:
 - Sé claro/a, non te estendas con informacións superfluas.
 - Fala dos teus méritos e éxitos (académicos, profesionais, persoais...). En definitiva, saca partido dos teus puntos fortes.
 - Utiliza sempre unha linguaxe positiva (por exemplo: ademais en lugar de pero)
 - Se non entendes unha pregunta pide que che aclaren antes de responder
 - Tenta espertar o interese do teu interlocutor, fala con persuasión e seguridade.
 - Se che ofrecen a posibilidade de aclarar as dúbidas que teñas non desaproveites a ocasión, fai ver o teu interese polo posto e pola empresa.
 - Á hora de despedirte estreita de novo a man do entrevistador agradecéndolle o tempo que te dedicou.

DESPOIS DA ENTREVISTA

Fai balance da entrevista, tanto dos acertos coma dos erros, se non che saíu como esperabas sempre che pode servir como aprendizaxe para futuras entrevistas.

ERROS QUE SE DEBEN EVITAR:

- Falar demasiado rápido ou demasiado lento, os nervios pódente xogar unha mala pasada
- Contestar con monosílabos, se trata de que aportes información sobre os aspectos que che pregunten
- Tratar de ti ao entrevistador se non cho pide previamente
- Comportarte de forma altiva e pouco próxima, se trata de establecer unha relación cordial, que facilite a comunicación.
- Mentir e representar un papel que non che corresponde, podes omitir datos que non te interesa que coñezan, pero nunca inventar.
- Ir vestido incorrectamente. É importante que coides o teu aspecto e que teñas en conta como é a empresa antes de elixir un estilo máis ou menos formal.
- Criticar a compañeiros, xefes..., só debes falar dos aspectos positivos, nunca dos negativos

EXEMPLOS DE PREGUNTAS QUE CHE PODEN FORMULAR NUNHA ENTREVISTA

Preguntas sobre a formación

- Por que elixiches estes estudos?, Cal é o balance da túa elección?
- Que materias che gustaron máis?, Que materias che resultaron máis fáciles e cales máis difíciles?
- Fuches un bo estudante?, Cal é a nota media do teu expediente académico?
- En que medida as túas cualificacións se deben ao teu esforzo e en que medida á túa intelixencia?
- Colaboraches durante os anos de formación académica nalgunha actividade extra-académica como; voluntariado, actividades culturais, etc? Formabas parte activa dalgunha asociación ou entidade sen ánimo de lucro?
- Como pagaches os teus estudos? Desempeñaches algún tipo de traballo ou práctica profesional mentres estudabas? Como valorarías esa experiencia?
- Realizaches algún curso de especialización? Que decidiu a túa elección por este curso? Que destacarías da realización deste curso?
- Que seminarios ou cursos complementarios tes realizado? Que te motivou a elixilos?
- Que idiomas coñeces e que nivel tes? podes contestarme en inglés?
- Por que che levou tanto tempo acabar a carreira?
- Cal foi a experiencia máis gratificante durante a túa vida como estudante?

Preguntas sobre características persoais e o estilo de vida

- Poderías dicirme algunha característica persoal positiva e algunha negativa que te definan?, Defínete
- Considérate unha persoa intelixente?
- Cales son as túas afeccións? Que fas no teu tempo libre?
- Se ti foses o encargado de realizar esta selección, que calidades che gustaría que reunira o candidato?
- Considérate unha persoa seria? Por que?
- Describe un día normal na túa vida

Preguntas sobre experiencia e prácticas profesionais

- Realizaches prácticas profesionais?, Tes experiencia?, En que empresas?, Que actividades realizabas? Consideras que che aportou algo esa experiencia?
- Que áreas de traballo che gustaron máis?, Que tarefas encontraches máis difíciles de realizar?
- Céntame algunha situación problemática pola que teñas pasado nesta empresa? Como a resolviches?
- Cales eran as túas responsabilidades nesta posto?
- No teu currículum vexo que hai un período de tempo que non aparece reflectido. Que fixeches durante ese ano?

Preguntas sobre a empresa e o posto de traballo

- Por que che gustaría traballar con nós? Coñeces a nosa empresa?, que sabes dela?
- En que crees que consiste o posto ofertado?, Que te chama a atención deste posto?
- Por que pensas que es o candidato adecuado para o posto? De que modo crees que a túa formación che capacita para este posto?
- Que soldo queres gañar?, Importaríache ter que trasladarte a outra cidade? Tes dispoñibilidade? Poderías incorporarte inmediatamente?
- Describe a túa empresa ideal, Que valoras máis nun traballo?, Que esperas deste traballo?
- Como te ves dentro de cinco anos na túa profesión?
- Imaxínate que ti es o director do departamento e que xorde un problema entre dúas persoas do teu equipo que altera o rendemento do grupo, como o resolverías?